

CLASE ELEMENTO: Etnográfico	TIPOLOXÍA: Cruceiros	VISITA 9
DENOMINACIÓN DO BEN: Cruceiro e peto de ánimas do acordo		
TITULARIDADE: Pública	UBICACIÓN: Mañufe (San Vicente)/Encrucillada de Mañufe	
COORDENADAS	42° 06' 40" N/08° 46' 20" W	
CONTORNO: Na encrucillada da estrada de Gondomar a Ramallosa, á beira esquerda, e pola estrada que dende alí conduce a San Vicente de Mañufe, a Donas (2 km.) e á Xunqueira (3 km.)		
		BIBLIOGRAFÍA: FERNÁNDEZ DE LA CIGONA-FRAGA, Salvador: <u>Historia da comarca do Val Miñor (Bayona, Nigrán, Gondomar)</u>. Colección Etnográfica Galega. Volumen IV, páxinas 147-152. FERNÁNDEZ DE LA CIGONA-NÚÑEZ, Estanislao: <u>Esmoleiros e petos de ánimas da provincia de Pontevedra</u>. Ed. Ir Indo. Colección Raigame nº 13. Vigo, 1998 (Páxinas 134-135). FERNÁNDEZ DE LA CIGONA-NÚÑEZ, Estanislao: <u>Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia</u>. 1997 (Páxina 82) SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, Alfonso; SOLIÑO TRONCOSO, Antonio: <u>Gondomar. Historia, Arte y Territorio</u>. Ir Indo Edicións. Vigo, 1995. (Pp 212 e 224)
DESCRICIÓN:		
<p>Cruceiro sobre unha base cúbica, que serve de sustento a un peto de ánimas.</p> <p>O fuste é octogonal, e no lateral ten unha serpe e unha mazá, en alusión ao pecado orixinal. Capitel moi labrado. A cruz é de sección cadrangular. No anverso ten unha talla de Cristo, de gran tamaño. No reverso unha talla da Dolorosa.</p> <p>O peto de ánimas é de caste semiaberta, adosado ao cruceiro. Foi recentemente restaurado, por ter sido derrubado nun accidente de tráfico. O seu retábulo é de pedra policromada, unha reixa de ferro protexía as figuras (a representación do Purgatorio cubría toda a fornela) e o caixón das esmolos. En dúas ringleiras preséntanse dúas almiñas na superior e tres na inferior.</p> <p>Nun medallón existente enriba do fornello pódese ler: <i>“Hermano que vas pasando mira que penando estamos, para alivio nuestro vuestra limosna esperamos”</i>.</p> <p>Lugar onde os representantes comarcais facían os tratos veciñais entre os séculos XVI e XVIII, de aí o seu nome. Forma parte do Camiño Real, cara a Santiago, por Gondomar.</p>		